



Leirado (San Salvador) - Salvaterra, 1980-11

Informantes: Regina (65) e Pilar (70)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

VI 687

Fuches falar mal de min,
raio de lingua danada.
Que che costaba decir
desa muller non sei nada.

VI 686

Fuches falar mal de min
a quen tanto me quería.
Contigho pasaba o tempo
e a min todo me decía.

- ... Salvaterra. Recollemos aquí as cántigas da bisbarra de vella tradición cantadas por dúas irmáns que están arredor dos setenta anos de idade. (Información da recolla na voz de Antonio).
- No! Pasan dos setenta anos...

IV 662

[O abade de Leirado]
ten un ghorrete de liño
que llo fiou a Catona
unha noite no muíño.

- Nós sabemos deso, si, si.
- A ver, repite. Que está moi ben.

IV 663

O abade de Leirado
ten un ghorrete de lan
que llo fiaron as mozas
unha noite no serán.

IV 662

O abade de Leirado
ten un ghorrete de liño
que llo fiaron as mozas
unha noite no muíño.

IV 663

O abade de Leirado
ten un ghorrete de lan
que llo fiou a Catona
unha noite no serán.

Unha noite no muíño,
unha noite, non é nada.
Unha noi[te] e medio un día,
entón si que é muiñada.

- Bota tú outra!
- Non me acorda nada.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

(Risas)

- A Catona (explica Antonio) era unha criada...
- Era unha vella que levou pra alí de vella e deixoulle o capital.
- A criada era outra.
- A criada era a Pilara.
- A criada era Pilara, si. O cura levou unha vella pra casa, quedoulle co capital e traíaa de esclava.
- No. Esa non andaba moito de esclava que xa era vella cando foi para alí. Non traballaba.
- (...)

IV 725g

O abade de Leirado
vendeu a burra rabona.

O abade de Leirado
vendeu a burra rabona.
i aghora vai ós enterros
a cabalo da Catona.

I 223

As mozas dese serán
non é iunha, que son todas.

As mozas dese serán
non é iunha, que son todas.
ghastan tres pares de medias
pra facer as pernas ghordas.

IV 712b

O cura maila criada
andan no campo ós feixóns.

O cura maila criada
andan no campo ós feixóns.
Á criada caille a saia
i ó cura os pantalóns.

IV 668

[O abade e Corzán]
non ten camisa ningunha.
Viva o da nosa parroquia
que pa o cento fáltalle unha!

I 173

Fun ó serán a Leirado,
dei a volta por Tortoreios.

Fun ó serán a Leirado,
dei a volta por Tortoreios.
Se non foran os cariños
non se daban os paseos.

- Outra do serán.



- Vos queredes rir, eh?

I 185

Á porta deste serán
hai un buraco no chan.
Á porta deste serán
hai un buraco no chan.
As mozas que caen nel
ao reino de Dios non van.

I 187

Á porta deste serán
cheira ruda que recende.
É a ghraciña de Dios
que polo mundo se estende.

VI 1056d

Bailla con ela, bailla con ela,
bailla coela e dalle un bico.
Bailla con ela, bailla con ela,
bailla con ela e dalle un bico,
que se eu fora no teu canto
xa lle tiña dado cinco.

- Porque se trata de galegho.

VI 1602b

Te tienes por buena moza,
muchacha, porque eres alta.
Te tienes por buena moza,
muchacha, porque eres alta.
Tirabas muy bien al coche
si alguna mula le falta.

VI 1605a

Te tienes por buena moza
y por mucha conveniencia.
Te tienes por buena moza
y por mucha conveniencia,
y ahora te vas quedando
a la luna de Valencia.



VI 2070

Erghe o sombreiro pa riba
que che quero vela cara.
Erghe o sombreiro pa riba
que che quero vela cara.
Me dicen que eres morena
y a mí el moreno me agrada.

VI 329a

O cantar ven por herencia
i o bailar por apender,
O cantar ven por herencia
i o bailar por apender
i é un reghalo na vida
tódalas cousas saber.

I 352

A vida do arrieiro
heicha de contar, María,
A vida do arrieiro
heicha de contar, María:
cómenche de caballeros
e dormen na arrearía.

- ... en Ribadavia, resona no Carballiño. Esa non me acorda.
- Repetide. Volvedea cantar. E eso que decía: no medio da eira que andaba toureira.

I 498

Rangoneteille a muller de Bartolo.
Rangoneteilla porque estaba tolo.
Cando Bartolo se volva casare
heilla de volver rangonetar.

Rangoneteilla no medio da ieira.
Fíxolle ben, que andaba toureira.
Rangoneteilla no medio da casa.
Fíxolle ben, que logho lle pasa.
Cando Bartolo se volva casare
heilla de volver rangonetar.

La la la la...

- E despois viña outra. E así.
- Que se bailaba?
- A muiñeira.



VI 51a

A muller do tío Mateu
xaropa no meu.
Ten unha xaropa
que lla fixo tío Mateu.
Xaropa no meu
co rabo da roca.

[A muller do] tío Mateu
xaropa no meu.
Ten un xaropiño
que llo fixo tío Mateu.
Xaropa no meu
con un punteiriño.

- E así. Haiche moitas. Pero...
- Pero iso xa ten noutro tono. Xa vai noutro tono.

VI 2010

Lévame no carro, leva,
carreteiriño das uvas.
Lévame no carro, leva.
Comereiche as máis maduras.

- A mesma muiñeira.
- E a mesma muiñeira como a outra que acabades de cantar?
- É si, si.
- Esa é jota.
- Si? Como é?
- Non me acorda a canción. (...) Ese é:

Ai ra la la la...

VI 1374b

Miña nai, miña naiciña,
miña nai, miña naiciña.
Como miña nai ningunha,
que me quentou a cariña
co calorciño da súa.

- Esa é jota.
- E aghora:

Ai le lo la lo...

- Esa era a volta.
- A ver.



VI 1375b

Miña nai, miña naiciña.
Que linda nai teño eu!
Vendeu o seu coletinho
para me comprar o meu.

- Pero estamos ...
(Comezo de percusión con prato)
- Agora botades unha...

I o cura que me casou
ai ou era tolo ou borracho
ai siquiera me preghuntou
se atara ben o zapato.

Aquí non as hai,
nin as ha de haber,
muchachas bonitas
as de Santander.
As de Santander,
as de Santander.
Aquí non as hai,
nin as ha de haber.

VI 572a

Ai, tienes dos ojos en cara
ai que parecen dos ladrones.
Ai, que salen los caminos
a robar a los corazones.

I 421 / VI 2031b

Aí veñen, aí veñen,
aí veñen, aí van,
sardiñas bonitas
da beira do mar.

VI 2031c

Aí veñen, aí veñen,
aí veñen, aí van,
sardiñas asadas,
que aceite non hai.
Que aceite non hai,
que aceite non hai.
Eí veñen, eí veñen,
eí veñen, eí van.



VI 470a

“Moza que vendes as peras,
moza que vendes as peras,
a como vendes o par?”

“Para ti, meu quiridiño,
non mas mandaron contar.”

Ai le lo la la
Le re lo la la...

I 225a

As esfoladas de noite
non dan ghanancia a ninghuén.
Mandei a muller a unha
i esfoláronma tamén.

Ai le lo la la...

- Esto (o prato) non da xeito para tocare, ten o cú moi pequerricho e non da xeito pra darlle.
- Ai, aínda sei outra, eh.

I 244

A pulgha e mailo piollo
andan no campo a sachar.
Velo aí vai o carrapato
derreado co xantar.

I 225a

Eí veñen aí veñen
aí velen aí van
sardiñas asadas
que aceite non hai.
Que aceite non hai,
que aceite non hai.
Eí veñen, eí veñen,
eí veñen, eí van.

I 246b

[Sachadeiras do meu millo,
sachaimo meu millo ben.
Non miredes pra porteira
que a merenda.]

VI 1509

A muller de meu irmán
chamoume cara lavada.
Pasa o río pola porta.
Lávate, miña cuñada.



VI 2290b

Eí veñen, eí veñen,
eí veñen, eí van,
as mozas de noite
que van ó serán.
Que van ó serán
que van ó serán
eí veñen, eí veñen,
eí veñen, eí van.

Nena que estás á ventana
coa punta do pano fóra
si non me enseñas a cara
o pano non me namora.

I 174

Eí veñen, eí veñen,
eí veñen, eí van,
as mozas de aquí
que van ó serán.
Que van ó serán.
que van ó serán
eí veñen, eí veñen,
eí veñen, eí van.